

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 13

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 25 de OUTUBRO de 2017, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (Ordinaria (agosto) 6.09.2017).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Dar conta da aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento de 2018. Expte. 47/142 (Rexistro Pleno 1620/1101).
- 3.-** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao terceiro trimestre do 2017, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 66/143 (Rexistro Pleno 1630/1101).
- 4.-** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público correspondente ao 3º trimestre do ano 2017. Expte. 18927/541 (Rexistro Pleno 1631/1101).

RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE

- 5.-** Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o IGVS ao obxecto de prorrogar o prazo de vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo. Expte. 1469/110 (Rexistro Pleno 1629/1101)

URBANISMO

- 6.-** Aprobar o cambio de uso das parcelas nº 28 e 29 do Plan Parcial Quiros, para a construción dunha nova instalación deportiva na parroquia de Sárdoma. Expte. 16117/411 (Rexistro Pleno 1627/1101).

Mocións:

- 7.-** Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo demandando do Parlamento de Galicia a derogación da Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais e demais acordos complementarios. Rexistro Pleno 1632/1101
- 8.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a apertura inmediata do aparcadoiro e do espazo de aparcadoiro na entrada do Hospital Álvaro Cunqueiro. Rexistro Pleno 1636/1101
- 9.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando ao goberno do Estado e da Xunta de Galicia a apertura dunha Mesa de Traballo que permita acordar un Pacto de Estado en materia de política forestal e de emerxencias. Rexistro Pleno 1637/1101
- 10.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a adoptar medidas precisas para transferir, delegar ou cooperar con Concello de Vigo a xestión e competencias sobre as Illas Cíes. Rexistro Pleno 1638/1101

PARTE DE CONTROL

Mocións.

- 11.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno do Estado, á Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e ao goberno municipal habilitar as máximas liñas de axudas para apoiar aos vigueses afectados polos incendios. Rexistro Pleno 1633/1101
- 12.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a modificar o Regulamento do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento para incluír na tarifa doméstica aos comercios, oficinas e despachos que a utilicen para servizos hixiénicos e de limpeza. Rexistro Pleno 1634/1101
- 13.- Formulación de rogos.**
- 14.- Formulación de preguntas.**

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E CINCO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.